

DE TERRAZAS E INCOMPETENTES



Onte pola tarde asistimos no Multiusos da Xunqueira á reunión convocada polo goberno local cos hostaleiros para falar da nova ordenanza municipal sobre as terrazas. Tiñamos interese por coñecer o parecer dos hostaleiros respecto desta nova ordenanza, xa que **algúns queixáranse pola información que aparecía no boletín de AER** do mes de xullo, no que falábamos dos locais que abonaban as taxas das terrazas ou dos que non o facían, dos que pagaban por todo o ano (tres locais), e dos que abonaban un trimestre e dispoñían de espazo público todo o ano.

Antes de nada, dicir que **levamos co tema das terrazas ás voltas aproximadamente dende maio**. En xullo apareceu o mencionado boletín, a finais de agosto enviáronos o borrador (copiado de Vigo) para a nova ordenanza das terrazas e xa tivemos alomenos catro reunións co concelleiro de Interior para avanzar nas propostas. Informáronos, tanto polo alcalde como polo concelleiro de Interior, que no pleno deste mes tentaría aprobarse esta nova ordenanza municipal.

Críamos que se lles ía informar aos hostaleiros de como vai ser a nova ordenanza: de como se ía regular o espazo público, das novas taxas, dos horarios, de que deberían de recoller as terrazas dentro dos seus locais ao rematar o día, das posibles sancións...Pero hai un problema, a alguén esquecéuselle entregar con anterioridade aos implicados a nova ordenanza para que puideran facer aportacións, preguntas ou tentar clarexar calquera dúbida.

Realmente o que onte fixeron no Multiusos tanto Arturo González coma Javier Bas coma Alberto Pazos (el non podía faltar), foi un auténtico despropósito. **Agardan ao último momento para falar con unha das partes implicadas, quizais a máis importante, non se lles di que a final de mes teñen pensado levar a ordenanza a pleno e sobre todo ocúltanselles as partes que son mais susceptibles de polémica.**

Nas reunións que mantivo o goberno local con AER falouse de varios puntos: as terrazas quedarán recollidas dentro dos locais ao rematar o día, non se permitirán as terrazas colocadas ao outro lado da vía, non se permitirán as “jaimas”, horarios de peche: laborais e festivos ás 12 e vésperas de festivos á 1:00, pago semestral e/ou anual e o resto por días, paso mínimo de 1.20m, prohibición de terrazas en beirarrúas de menos de 2.50m, prohibición de calquera medio de reprodución auditiva ou visual, prohibición de superar a fachada do establecemento agás co consentimento expreso do edificio colindante...

Con nós todo era firmeza, non se podían permitir os excesos actuais. Onte todo era negociable. Basicamente **non se atreveron a falar en profundidade da ordenanza** e preferiron emprazar a aos hostaleiros a esperar a que se colgue na páxina web do Concello a “proposta de ordenanza”.

Cada vez entendemos menos a que “xoga” este equipo de goberno, non sabemos se o fan a propósito, se é cuestión de enredar ou se son uns incompetentes. Cando menos agardamos que os que se alporizaron con nós polo tema do boletín ou os

que máis tarde lles quentaron a cabeza dicíndolles que eramos nós os que andabamos a enredar co tema das terrazas, **se dean conta de quen é cada quen**.

Resulta bastante triste que **fora AER quen máis propiciou o coñecemento desta ordenanza** de Vigo entre aqueles colectivos e persoas coas que pode contactar. Confesaron que era a de Vigo porque os cachamos, senón non dirían nada, como non nolo dixeron a nós e tivemos que descubri-lo pola nosa “manía” de buscar información. Claro que esa é a diferenza entre nós e os outros: nós apostamos plenamente pola participación e a transparencia. Se cadra é porque non somos tan “listos”.

AER non ten ningún interese partidista nin particular, nin nas terrazas nin en ningún outro tema. Probablemente nos equivoquemos en moitas das nosas posicións, pero non imos enganando a ninguén.

A.E.R.